



OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

A certificación PEFC permite cumprir cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible 2030, así como cos Principios Universais do Pacto mundial de Nacións Unidas.

PEFC fai referencia directa ao obxectivo número 15, relativo á xestión forestal sostible, protección dos ecosistemas terrestres e loita contra a desertización e á perda da diversidade biolóxica.



Ademáis, hai outros obxectivos vinculados ao traballo de PEFC e aos bosques.

A eliminación da pobreza	1 FIN DA POBREZA 	2 FAME CERO 	A contribución á seguridade alimentaria a través dos produtos silvestres
Os bosques contribúen á saúde e benestar (ecoturismo, medicina...)	3 SAÚDE E BENESTAR 	5 IGUALDADE DE XÉNERO 	Igualdade de xénero
O 75 % da auga potable do mundo procede de bacías forestais	6 AUGA LIMPA E SAINEAMENTO 	7 ENERXÍA ASEQUIBLE E NON CONTAMINANTE 	Produción de enerxía limpa mediante a biomasa de orixe forestal
Traballo decente e creación de emprego	8 TRABALLO DECENTE E CRECEMENTO ECONÓMICO 	11 CIDADES E COMUNIDADES SOSTIBLES 	A madeira é o material de construción renovable máis importante para que as cidades sexan máis sostibles
A etiqueta PEFC permite o consumo responsable	12 PRODUCCIÓN E CONSUMO RESPONSABLES 	13 ACCIÓN POLO CLIMA 	A contribución á loita contra o cambio climático

COMPRAS VERDES Elixe PEFC



Imaxes cedidas por: Grupo Ramón García, EGOIN, PEFC España

PEFC GALICIA
PROMOVENDO A XESTIÓN FORESTAL SOSTIBLE

Rúa Lope Gómez de Marzoa, FEUGA, D15
15.705 Santiago de Compostela
galicia@pefc.es Telf.: 981 523 736

Certificado PEFC

Impreso en papel que procede de bosques xestionados de forma sostible e fontes controladas

Financiado por:

XUNTA DE GALICIA **AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL**



OS BOSQUES CONSTITÚEN UN DOS ECOSISTEMAS MÁIS VALIOSOS DO PLANETA

Conteñen ao redor do 70% da biodiversidade da Terra.

Proporcionanlles refuxio a miles de especies de animais e emprego para centos de millóns de persoas.

Protéxennos dos perigos da erosión e das inundacións, e contribúen á mitigación do cambio climático ao capturar as árbores CO₂.

Os bosques provemos dun medio ambiente adecuado, fonte inesgotable de recursos: madeira, cortiza, resina, cogomelos, castañas e moitos máis produtos.



Bosques de todo o mundo están baixo a presión da deforestación e unha inadecuada xestión.

É necesario xestionar os bosques de forma sostible e dar garantía diso.

— Os produtos de orixe forestal certificados por PEFC garanten aos consumidores que proceden de bosques xestionados de forma sostible.

— PEFC promove o uso sostible do bosque familiar polo pequeno propietario, contribuíndo así ao mantemento dos aproveitamentos forestais do medio rural.

Elixindo produtos certificados PEFC, empresas e consumidores mostran o seu compromiso co medio ambiente.

Cada vez son máis os consumidores interesados pola orixe sostible dos bens que



adquiren e esixen nas prácticas comerciais garantías de respecto polo medio ambiente.

Por mor desta tendencia, cada día máis empresas están a implantar políticas de responsabilidade social corporativa (RSC), incorporando criterios social e ambientalmente responsables na súa forma de actuar diaria.

Rede de entidades responsables PEFC

Xurde co fin de traballar de forma conxunta na aplicación de criterios de sustentabilidade nas compras verdes de concellos e outras entidades.

**PEFC
promove
hábitos
de consumo
responsable**



As entidades participantes na rede comprométese a desenvolver un **plan de compras verdes** para a promoción dos produtos forestais de **orixe local** e a establecer criterios de sustentabilidade nos procedementos de contratación de produtos como papel e cartón, sobres, adhesivos, embalaxes e caixas, carpintería interior e de rehabilitación de edificios, mobiliario urbano e de oficina, parques infantís, etc.

Estas entidades tamén incluírán a certificación como criterio de valoración nos pregos de condicións técnicas dos contratos de obras, servizos e subministracións.



PEFC

Promovendo a xestión forestal sostible